# Actividades

Uso de «h»

**1.** Indica, co número adecuado, a regra de uso de «h» que afecta ás palabras destacadas destas oracións.

- ***Ah***, es ti! Que susto! Pensei que non ***había*** ninguén na casa.
  regra 6 — regra 1
- Calquera ser ***humano*** pode ter problemas ***hepáticos***.
  regra 3 — regra 2
- ***Hoxe*** lin que Ourense ten xa máis de cen mil ***habitantes***.
  regra 8 — regra 1
- Foi un ***horror*** ver aquel accidente no ***hipódromo***.
  regra 4 — regra 2
- ***Bah!*** Eu non te creo. Ti non sabes nada de ***hipnotismo*** por moito que digas.
  regra 6 — regra 2
- Ela actuou coma unha ***harpía***: chamoume *alco**hó**lica*.
  regra 8 — regra 5

**2.** Resolve este encrucillado cos nomes dos elementos debuxados. Uns levan «h» e outros non.




—Crea oracións combinando algunhas das palabras con «h» e sen «h» anteriores.

- Os ósos do ombro son moi delicados.
- A hélice do hidroavión fallou.
- O alcohol causa problemas hepáticos.
- O hórreo non é o mellor lugar para gardarmos os ovos
- O helmo formaba parte das armaduras que usaban os guerreiros hai séculos.

**3.** Completa estas oracións con palabras derivadas de *historia*, *heroe*, *herdar* e *harmonía*. Despois clasifícaas segundo a súa familia léxica e engade outras novas.

- O superheroe protagonista deste cómic pode voar e facerse invisible.
- Como sigas actuando en contra de teu pai, el vaite desherdar
- Interésame moito a prehistoria de Galicia, sobre todo os petróglifos e as mámoas.
- Hoxe na reunión houbo un ambiente moi harmonioso : ninguén discutiu nin berrou.
- Segundo moitos, a lexítima herdeira do trono de Castela era Xoana a Beltranexa.
- Se non queremos estragar o noso futuro, cómpre harmonizar urbanismo e natureza.
- Segundo ese historiador, o castelo de Vimianzo foi construído entre o século XII e o XIII.
- O home que rescatou os nenos do incendio foi recoñecido polo seu heroísmo

| *Familia léxica de «historia»* | *Familia léxica de «heroe»* | *Familia léxica de «herdar»* | *Familia léxica de «harmonía»* |
|---|---|---|---|
| prehistoria | superheroe | desherdar | harmonioso |
| historiador | heroísmo | herdeira | harmonizar |
| historial | heroica | herdanza | harmónica |
| histórico | heroicidade | herdade | harmonización |
| historieta | heroínca | herdable | harmonizable |

**4.** Rodea cun círculo a palabra correcta de cada par.

[redacted] [redacted]

[redacted] [redacted]

[redacted] [redacted]

[redacted] [redacted]

—Crea un breve texto no que introduzas, con sentido, as palabras correctas anteriores.

Cando foron a Escocia a visitar os famosos menhires, viron os vehículo precioso que se estaba a exhibir nun concesionario. Ía tanto frío que os cristais estaban cubertos de bafo, e o dono do lugar, que era un bohemio que non paraba de rascarse a man porque tería prurido, prohibiulles achegarse a ver o coche de preto.

**5. Completa este texto poñendo «h» onde conveña.**

> Estevo arrimou a lámpada ao corpo da súa ....irmá. Estaba enchoupada en suor. A nena batía dente con dente na ....inconsciencia da febre. A bruxa apartou a basta tea que a cubría e deixou ao aire o brazo da picadura. Estaba h.orriblemente ....inchado desde o ....ombreiro ata os dedos. H.abía un círculo negro no lugar onde a víbora lle cravara os dentes e del ....irradiaba unha profunda cor morada. A bruxa tocouno e apertou cos dedos aquí e acolá.
>
> Minio Rodríguez Cueto, *A pedra da serpe* (adaptación)

**6. Completa adecuadamente as oracións coa palabra de cada par que conveña.**

[redacted]

- Miña nai trouxo un abano. porque sabía que aquí non hai aire acondicionado.
- Para non molestar co fume do seu .habano o padriño foi fumar ao xardín.

[redacted]

- ....Hai..... dez anos ao lado desta praia non se vía ningún chalé.
- ..Ai........ ! Ten coidado. Acabas de pisarme no pé que teño mancado.
- As chaves da casa están .....aí...... mesmo, ao teu carón.

[redacted]

- A...ver..... cando vés por Lugo, que teño moitas ganas de verte.
- Eu creo que agora mesmo no teatro debe .haber... unhas cincocentas persoas.

[redacted]

- Ti ......has.... facer exactamente o que eu che diga.
- Se tes o ......ás..... de ouros, gañas esta man e a partida.
- Xa son .....as...... dúas e media.

**7. Completa estas oracións con «h» só nos ocos onde sexa necesario.**

- Naquel lugar tan ....ermo apareceron novos ....achados preh.istóricos.
- A esta antiga armadura holandesa faltáballe unha ....ombreira e o h...elmo.
- Un ....irmán de H...elena toca a ....arpa na orquestra filh...armónica.
- Que quedases ....orfo non xustifica que sexas un tru....án e que leves unha vida boh...emia.
- O hóspede da casa rural quedou marabillado polo ex....uberante xardín cheo de h...edras.
- Vela....í tes unha foto do palacio hindú que estamos a reh...abilitar.
- Eu non vin ao hospital por unha fractura de ....úmero senón por unha h...emorraxia.
- Ana non se hospedou nese hotel porque estaba proh...ibido fumar en todas as partes.
- Un dos meus anh...elos é h...erdar o veleiro do avó e navegar con el pola ba....ía.
- A media hora andando desde esta ....ermida podemos topar un antiquísimo menh...ir.